

Cine




Contada con sinxeleza apreciamos a transformación do protagonista por mor da lectura.



Unha historia que dá voz a aqueles sen voz; tan dura como sensible. Baseada na novela **Push** de Sapphire.

Teatro



Memoria de Helena e María.
Roberto Salgueiro
Teatro do Atlántico.


As lembranzas e as vidas dunha nai e dunha filla marcadas pola guerra do 36.

Texto editado por Difusora de letras, artes e ideas.

Música



Leonard Cohen
Songs From The Road. Unha ducia das cancións máis emblemáticas.



Carlos Núñez.
Alborada do Brasil. Viaxe musical na procura de afinidades.



Maria João Pires.
Piano

Se reservas con tempo colles voos baratos.
Se non reservas con tempo mellor te vas en coche.
Se te vas en coche revisao antes de viaxar.
Se non o fas leva polo menos cadeas no maletreiro.
Se non levas cadeas mellor non salgas de casa.
Se non vas saír de casa compra con tempo.
Se non compras con tempo pechan os supermercados.
Se non tes comida prepárate para reservar.
Se non reservas con tempo non hai sitio nos restaurantes.
Se non compras con tempo vas quedar sen regalos.
Se te quedas sen regalos mellor non salgas de casa.
Se colles un voo barato a ver que fas sen regalos.
Se levas cadeas e neva, a ver se sabes poñelas.
E logo alí que fas? No medio da neve, no cume da montaña e co maletreiro cheo de regalos.
Vaste andando ao bar máis próximo e está pechado.
O móbil sen batería, e ti sen cargador.
Onde se compran cadeas?
Envías un SMS: "unha grua, por favor".
Está unha noite preciosa:
"Feliz ano novo"

Luisa Castro

MerGúllate i

Felices lecturas!!

<http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>

GUÍA DE LECTURAS Nº 11

decembro 2010



Pide
un
desexo
e faino
realidade !!



Faktoria K

dE LibrOS, CinE, TeatrO, MÚSICA....


Literatura



Historia que combina a tenrura e humor a través dunha bicicleta convertida en personaxe. Gañadora do último Premio Merlín.




“Pasa, lector, e ocupa aquí o teu asento.” Poesía de **Raúl Vacas** ao alcance da man.




Un libro instrutivo, ameno, ben estruturado e de gran atractivo visual.



Un libro que invita a reflexionar sobre os tópicos á vez que achega respostas intelixentes.



Unha novela de mulleres, da esclavitude, de amor e liberdade.




O mundo da imaxinación dos contos mistúrase coa realidade do alzheimer.


Ilustracións de Manel Cráneo.



A lectura provoca unha pregunta desasosegante: Son posibles o amor e a esperanza no medio da barbarie inhumana e da devastación total?



Nací cuando mis padres ya no se querían". Este é o inicio da novela, que trata sobre o paraíso da infancia e o tránsito ó mundo dos adultos.




Un auténtico *manual de navegación* para manter o rumbo en mares axitados.



Ironía da mellor escola inglesa: o furgón da biblioteca móbil aparcado á porta da cociña do palacio da raína Isabel II, educada para o “deber”.



Os libros desta colección *Unha historia para un cadro* están creados por escritores galegos que escollen unha obra pictórica como punto de partida para o relato. Este conto baséase na obra *Marna*, de Urbano Lugrís.



Achega artística con diferentes técnicas de collage. Unha proposta vangardista sobre as letras das cantigas de amigo.